



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a Alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** venres 31 de xullo de 2020

**Hora:** 20:00

**Lugar:** SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación *ope legis* das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

II. Acta da sesión celebrada o 11 de abril de 2020.

III. Acta da sesión celebrada o 26 de xuño de 2020.

#### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da Alcaldía relativa á delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña en materia de control financeiro. Expediente N° 2020/X999/000090.

#### B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

3. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: N° 407/2020 do 22 de xuño á N° 521/2020 de 23 de xullo.
4. Dar conta do P.M.P 2º Trimestre 2020. Expediente N°: 2020/X999/000091.
5. Dar conta do Informe de Intervención e Tesourería Morosidade 2º Trimestre 2020. Expediente N° 2020/X999/000091.
6. Mocións de urxencia.
7. Rogos e preguntas.



## SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

## TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Cee, martes 28 de xullo de 2020

A secretaria, Rocío Hermida Cancela